



*AVALIACIÓN DA
SATISFACCIÓN
COA FORMACIÓN*

Ano 2016

PRESENTACIÓN



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA



**ESCOLA GALEGA
DE ADMINISTRACIÓN
PÚBLICA**

A EGAP presenta o informe de resultados da satisfacción coa acción formativa do ano 2016, no que se sintetizan os principais resultados obtidos sobre os niveis de satisfacción do alumnado coas actividades e co labor docente. A publicación deste informe responde ao obxectivo de favorecer a transparencia e a rendición de contas ante os empregados públicos e a cidadanía no seu conxunto.

No documento, inclúese a valoración da formación destinada ao persoal da Administración autonómica, das entidades locais, da Administración de xustiza, do persoal de administración e servizos (PAS) das tres universidades galegas e, por primeira vez, tamén ao persoal da Administración institucional e entes instrumentais do sector público de Galicia; por canto a EGAP traballa na profesionalización e continua reciclaxe do conxunto dos empregados públicos da Comunidade Autónoma.

Atendendo ás distintas metodoloxías de ensino, o informe presenta os resultados acadados para a formación presencial, a teleformación e a autoformación.

Para recadar a información, empréganse cuestionarios de satisfacción específicos, deseñados a partir dunha serie de indicadores clave para a avaliación dos programas formativos, e que se lle aplican aos distintos axentes que interveñen na formación e ás distintas modalidades de ensino.

Somos conscientes de que a información que se obtén a partir da avaliación resulta clave para promover a mellora continua da formación da Escola. Por iso, continuaremos a traballar no perfeccionamento do sistema de avaliación dos nosos cursos, desde o obxectivo de ofrecer unha formación de calidade e adaptada, cada vez máis, ás necesidades dos empregados públicos.

VALORACIÓNS DO ALUMNADO DOS CURSOS




XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA



ESCOLA GALEGA
DE ADMINISTRACIÓN
PÚBLICA

En conxunto estou satisfeito de ter feito este curso



Unha ampla maioría das persoas que asisten ás actividades formativas da EGAP (95%) declara estar satisfeita de ter realizado o curso. Entre elas, un elevado 57% afirma que se atopa "moi satisfeita" co curso realizado na EGAP


Base: 7.679 enquisas
Escala de resposta 1 a 5
NS/NC = 207 (2,7%)

Media

4,34

En conxunto estou satisfeito de ter feito este curso

Ambas modalidades de formación, presencial e en liña, rexistran niveis de satisfacción elevados. A valoración media das actividades presenciais é de 4,4 sobre 5.




Base: 7.679 enquisas

Escala de resposta 1 a 5


NS/NC = 207 (2,7%)

En conxunto estou satisfeito de ter feito este curso

O persoal da Administración local é o que rexistra os niveis de satisfacción máis elevados coa formación recibida, cunha valoración media de 4,4. O resto de colectivos tamén se amosan altamente satisfeitos coa formación recibida.



Base: 7.679 enquisas
Escala de resposta 1 a 5
NS/NC = 207 (2,7%)




En conxunto estou satisfeito de ter feito este curso

		Media	Respostas	NS/NC
Admón. Autonómica	Presencial	4,44	1.732	149
	Teleformación	4,30	3.494	93
Admón. de xustiza	Presencial	4,50	32	0
	Teleformación	4,30	533	4
Administración local	Presencial	4,28	173	9
	Teleformación	4,44	514	14
PAS (universidades)	Presencial	4,16	43	2
	Teleformación	4,33	456	21
Entes públicos	Presencial	4,37	30	0
	Teleformación	4,23	377	3

*NOTA: As puntuacións de cor gris deben lerse con precaución dado que corresponden a combinacións de perfís de alumnado e modalidades de formación nas que se desenvolveron poucas actividades formativas, e por conseguinte, non dispoñemos dun número suficientemente representativo de enquisas.

En conxunto estou satisfeito de ter feito este curso

As mulleres, algo máis satisfeitas coa formación da EGAP: o 59% están “moi satisfeitas” co curso realizado, fronte ao 54% dos homes. A valoración media das primeiras achégase moito ao 4,4.



Base: 7.679 enquisas

Escala de resposta 1 a 5

Mulleres 68% Homes 32%

En conxunto estou satisfeito de ter feito este curso


		Media	Respostas	NS/NC
Formación transversal (EGAP) [Só persoal da Administración Autonómica]	Réxime xurídico e actividade financeira das administración públicas	4,24	628	9
	Unión Europea: políticas públicas e procedementos	4,08	73	0
	Comunicación, organización do traballo e mellora das habilidades	4,44	794	15
	Habilidades pre-directivas	4,29	238	3
	Administración electrónica, protección de datos e e calidade administrativa	4,44	480	10
	Portal de idiomas	4,27	859	13
	Plan formativo ofimático de Galicia	4,20	600	3

As áreas formativas “Comunicación, organización do traballo e mellora das habilidades” e “Administración electrónica, protección de datos e e calidade administrativa” son as que rexistran as mellores valoracións (4,4 en ambos os dous casos); o que resulta especialmente significativo, ao tratarse de áreas estratéxicas na mellora da capacitación profesional dos empregados públicos, e nas que se concentra ademais un número moi elevado de actividades formativas.

En conxunto estou satisfeito de ter feito este curso

		Media	Respostas	NS/NC
Formación específica (Consellerías) [Só persoal da Administración Autonómica]	Presidencia da Xunta de Galicia	3,97	104	3
	Vicepresidencia e C. de Presidencia, AAPP e Xustiza	4,47	620	70
	Consellería de Facenda	4,51	109	23
	Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio	4,35	81	7
	Consellería de Economía; Emprego e Industria	4,53	160	5
	Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria	4,16	99	2
	Consellería de Política Social	4,60	121	4
	Consellería do Medio Rural	4,41	185	11
	Consellería do Mar	4,55	20	1
	Consellería de Infraestruturas e Vivenda	4,47	19	1

Valore do 1 a 5 os motivos que o levaron a participar nesta actividade formativa




A “mellora da formación”, principal motivación para participar nas actividades formativas (4,6). No extremo oposto, a “obtención de puntos para a promoción” (3,5) é o motivo ao que menor importancia se lle atribúe á hora de decidir participar nos cursos da EGAP.

Base: 7.679 enquisas

Escala de resposta 1 a 5

Valoracións medias

Valore do 1 a 5 os motivos que o levaron a participar nesta actividade formativa



“Axudar a mellorar a miña formación” é a motivación máis destacada polo alumnado de ambas modalidades formativas. As persoas que optaron pola formación presencial atribúenlle a menor importancia á obtención de puntos (2,8).

Base: 7.679 enquisas

Escala de resposta 1 a 5

Valoracións medias

Valore do 1 a 5 os motivos que o levaron a participar nesta actividade formativa



A “mellora da formación”, principal motivación para os distintos tipos de persoal. A “obtención de puntos para concursos internos e promoción” unha motivación máis destacada para o persoal de administración e servizos (PAS) das universidades galegas e para o persoal da Administración de xustiza.

Base: 7.679 enquisas

Escala de resposta 1 a 5

Valoracións medias

Valore do 1 a 5 os motivos que o levaron a participar nesta actividade formativa




A “mellora da formación”, opción máis destacada por mulleres e homes. As mulleres atribúenlle algo máis de importancia á “obtención de puntos para a promoción interna”, á hora de participar nas actividades formativas.

Base: 7.679 enquisas

Escala de resposta 1 a 5

Mulleres 68% Homes 32%

En conxunto estou satisfeito de ter feito este curso




Entre o alumnado da formación presencial, o 58% declara estar “moi satisfeito” de ter realizado o curso, valorando dun xeito óptimo a actividade na que participou. Ademais, a porcentaxe do alumnado que declara estar satisfeito acada un 97%, o que vén dar conta dun elevado nivel de satisfacción xeneralizado.

Base: 2.191 enquisas
Escala de resposta 1 a 5
NS/NC = 160 (7,3%)

Media

4,42

Considera que a duración do curso foi...




*Unha elevada porcentaxe do alumnado da formación presencial, 6 de cada 10, considera que a duración do curso no que participou foi axeitada. O 37% estima que sería desexable **prolongar** durante máis tempo a actividade formativa.*

Base: 2.191 enquisas

Escala de resposta 1 a 3


NS/NC = 213 (9,7%)

O proceso de inscrición e matrícula no curso foi claro e sinxelo




NS/NC = 153 (7,0%)

A organización do curso foi axeitada (información previa, horario, resolución de incidencias ...)



NS/NC = 156 (7,1%)

As instalacións onde se impartiu o curso reunían as condicións adecuadas para o seu desenvolvemento



NS/NC = 22 (1,0%)

Valoración moi positiva dos aspectos organizativos do curso, cun 97% que considera axeitada a organización (información facilitada, resolución de incidencias etc.); e excelente valoración do proceso de inscrición e matrícula, co 99% do alumnado que o valora como claro e sinxelo.

Os contidos impartidos axustáronse aos obxectivos do curso...




NS/NC = 20 (0,9%)

O nivel de profundidade no tratamento dos contidos foi axeitado



NS/NC = 30 (1,4%)


O balance entre contido teórico e práctico foi axeitado



NS/NC = 52 (2,4%)

Os contidos das actividades presenciais, valorados positivamente: o 97% considera que se adecuaron aos obxectivos do curso, e para o 96% o nivel no que se afondou nos contidos foi axeitado. O 93% considera que o balance entre contido teórico e práctico foi axeitado.

No curso empregáronse materiais que axudaron a seguir o seu contido




NS/NC = 32 (1,5%)

Os materiais didácticos utilizados no curso foron os apropiados (actualizados, completos, comprensibles, ...)




NS/NC = 50 (2,3%)

Os medios técnicos foron suficientes para o desenvolvemento do curso




NS/NC = 23 (1,0%)

Os medios técnicos funcionaron correctamente durante o curso




NS/NC = 36 (1,6%)

Este curso mellorou a miña formación




NS/NC = 161 (7,3%)

Os coñecementos adquiridos serán aplicables ao posto de traballo que ocupo na actualidade



NS/NC = 164 (7,5%)

Este curso resultoume interesante




NS/NC = 145 (6,6%)

*O 97% dos alumnos/as da formación presencial considera que o curso **lle resultou interesante**, e o 95% estima que coa súa realización **mellorou a súa formación**. 9 de cada 10 alumnos/as consideran que **poderán levar á práctica os coñecementos adquiridos na actividade formativa, no seu posto de traballo.***

	Media	Respostas
En conxunto estou satisfeito de ter feito este curso	4,42	2.031
O proceso de inscrición e matrícula no curso foi claro e sinxelo	4,62	2.038
A organización do curso foi axeitada (información previa, horario, resolución de incidencias ...)	4,34	2.035
As instalacións onde se impartiu o curso reunían as condicións adecuadas para o seu desenvolvemento	4,00	2.169
Os contidos impartidos axustáronse aos obxectivos do curso	4,34	2.171
O nivel de profundidade no tratamento dos contidos foi axeitado	4,19	2.171
O balance entre contido teórico e práctico foi axeitado	4,08	2.139
No curso empregáronse materiais que axudaron a seguir o seu contido	4,05	2.159

	Media	Respostas
Os materiais didácticos utilizados no curso foron os apropiados (actualizados, completos, comprensibles, ...)	4,12	2.141
Os medios técnicos (pizarra, pantallas, proxectores, TV, vídeo, ordenadores, programas, ...) foron suficientes para o desenvolvemento do curso	4,19	2.168
Os medios técnicos funcionaron correctamente durante o curso	4,24	2.155
Este curso mellorou a miña formación	4,36	2.030
Os coñecementos adquiridos serán aplicables ao posto de traballo que ocupo na actualidade	4,08	2.027
Este curso resultoume interesante	4,44	2.046

Expón con claridade os contidos do curso



O persoal docente expón con claridade os contidos do curso, segundo a percepción do 97% do alumnado das actividades presenciais. A **valoración media** acadada polos docentes respecto da capacidade para transmitir a materia é de **4,35** (escala 1-5).

Base: 7.227 respostas


Escala de resposta 1 a 5

NS/NC = 385 (5,3%)

Media

4,35

Motiva e esperta o interese dos asistentes polas materias que imparte



Os docentes son quen de **espertar o interese** polas materias que imparten, cun **96%** do alumnado que comparte esta percepción. A **capacidade de motivación** do persoal docente rexistra unha valoración de **4,3**.

Base: 7.227 respostas


Escala de resposta 1 a 5

NS/NC = 408 (5,6%)

Media

4,29

Resolve eficazmente as dúbidas dos asistentes



Para o 97% dos alumnos/as da formación presencial, os docentes resollen as dúbidas eficazmente. A capacidade dos docentes para resolver as dúbidas acadou unha valoración media de 4,4.

Base: 7.227 respostas


Escala de resposta 1 a 5

NS/NC = 429 (5,9%)

Media

4,37

Cumpre axeitadamente o horario establecido



Respecto do cumprimento do horario, a práctica totalidade do alumnado avalía positivamente aos docentes. Case 7 de cada 10 están moi de acordo coa afirmación de que o corpo docente cumpre co horario fixado. A valoración media para esta cuestión acada o 4,5.

Base: 7.227 respostas


Escala de resposta 1 a 5

NS/NC = 415 (5,7%)

Media

4,53

Valoración global do/a profesor/a



As valoración máis altas (4 e 5) concentran o 87% das respostas, á hora de avaliar no seu conxunto o labor desempeñado polos docentes.

A valoración media que os alumnos/as da formación presencial da EGAP lles outorgan aos docentes acaba un elevado 4,4.


Media

4,37

Base: 7.227 respostas

Escala de resposta 1 a 5

NS/NC = 398 (5,5%)




Base: 7.227 respostas

Escala de resposta 1 a 5

Valoración global do/a profesor/a

O persoal docente, algo mellor valorado entre as mulleres que entre os homes que acceden á formación: 4,4 vs. 4,3.
O 59% das mulleres outórganlle a puntuación máis alta.




Base: 7.227 respostas

Escala de resposta 1 a 5

Mulleres 65,5% Homes 34,5%

En conxunto estou satisfeito de ter feito este curso



*O 93% dos alumnos/as que cursaron formación en liña declaran estar **satisfeitos** coa actividade formativa realizada. O 57% das persoas que realizaron algunha actividade na modalidade de teleformación están **moi satisfeitas**.*

Base: 5.488 enquisas


Escala de resposta 1 a 5

NS/NC = 47 (0,9%)

Media

4,31

Considera que a duración do curso foi...




*O 75% do alumnado dos cursos en liña considera **axeitada a duración** do curso. 2 de cada 10 estiman, sen embargo, que a actividade foi “demasiado curta”.*

Base: 5.488 enquisas

Escala de resposta 1 a 3


NS/NC = 325 (5,9%)

A inscrición no curso resultoume sinxela




NS/NC = 40 (0,7%)

Os contidos do curso resultáronme claros e fáciles de assimilar




NS/NC = 21 (0,4%)

Os contidos eran completos actualizados e de calidade




NS/NC = 47 (0,9%)

Existiu unha boa correspondencia entre os contidos do curso e os obxectivos deste



NS/NC = 41 (0,7%)

As actividades prácticas axudáronme a entender e assimilar os contidos




NS/NC = 50 (0,9%)

Os exercicios e supostos prácticos teñen aplicabilidade práctica




NS/NC = 66 (1,2%)

Déronme información suficiente sobre o sistema de avaliación




NS/NC = 47 (0,9%)

O nivel de esixencia do sistema de avaliación pareceume axeitado




NS/NC = 114 (2,1%)

O curso desenvolveuse sen problemas técnicos




NS/NC = 94 (1,7%)

Ofrecéronme solucións eficaces para resolver problemas técnicos



NS/NC = 1744 (31,8%)


O funcionamento xeral da plataforma resultoume fácil e sinxelo



NS/NC = 59 (1,1%)


As cuestións referidas á resolución das incidencias técnicas acadan niveis de acordo de arredor do 85%, o que é ilustrativo dos esforzos acometidos neste eido. Así, o 85% están "bastante" ou "moi de acordo" con que lles ofreceron solucións eficaces para a resolución dos problemas técnicos, e o 86% consideran que o curso se desenvolveu sen problemas técnicos.

A metodoloxía formativa proposta permitiume autoorganizar o meu proceso de aprendizaxe




NS/NC = 47 (0,9%)

Ofrecéuseme flexibilidade á hora de abordar os contidos



NS/NC = 106 (1,9%)


Durante o curso permitiúeseme interactuar cos outros alumnos/as e titores/as



NS/NC = 187 (3,4%)


9 de cada 10 alumnos/as dos cursos en liña están “bastante” ou “moi de acordo” con que durante o curso puideron interactuar con outros alumnos/as e co titor/a, configurándose as actividades en liña como un marco participativo e colaborativo. A “flexibilidade” á hora de abordar os contidos e a posibilidade de “autoorganización” rexistran, ademais, niveis de acordo do 96% e o 95% respectivamente; polo que o alumnado valora moi positivamente as vantaxes que, a nivel metodolóxico, lles achega a formación en liña.

Este curso mellorou a miña formación




NS/NC = 49 (0,9%)

Os coñecementos adquiridos serán aplicables ao posto de traballo que ocupo na actualidade



NS/NC = 146 (2,7%)

O curso pareceume motivador e interesante



NS/NC = 51 (0,9%)


Entre o alumnado dos cursos en liña, o 82% considera que o curso lle serviu para mellorar a súa formación, ubicándose nas opcións “bastante” ou “moi de acordo” con esta afirmación. O 80% expresa o mesmo nivel de acordo en canto a que o curso lle resultou **motivador e interesante**. Un 69% dos alumnos/as sinala que poderá **aplicar** bastante ou moito os coñecementos adquiridos no seu posto de traballo.

	Media	Respostas
Existiu unha boa correspondencia entre os contidos do curso e os obxectivos deste	4,18	5.447
Os contidos do curso foron claros e fáciles de asimilar	3,95	5.467
Os contidos dispoñibles nos distintos documentos e soportes do curso estaban completos, actualizados e eran de calidade	4,07	5.441
As actividades prácticas axudáronme a entender e asimilar os contidos	4,16	5.438
Os exercicios propostos teñen aplicabilidade práctica	4,22	5.422
Déronme información suficiente sobre o sistema de avaliación	4,40	5.395
O nivel de esixencia do sistema de avaliación pareceume axeitado	4,10	5.374

	Media	Respostas
Ofrecéuseme flexibilidade á hora de abordar os contidos	4,42	5.382
Durante o curso permitíuseme interactuar cos outros alumnos e titor/es	4,60	5.301
A metodoloxía formativa proposta permitíume autoorganizar o meu proceso de aprendizaxe	4,37	5.441
O curso desenvolveuse sen problemas técnicos	4,41	5.394
Ofrecéronme solucións eficaces para resolver problemas técnicos	4,38	3.744
O funcionamento xeral da plataforma resultoume fácil e sinxelo	4,42	5.429
A inscrición no curso resultoume sinxela	4,72	5.448

	Media	Respostas
Este curso pareceume motivador e interesante	4,18	5.437
Este curso mellorou a miña formación	4,25	5.439
Os coñecementos adquiridos serán aplicables ao posto de traballo que ocupo na actualidade	3,88	5.342

O tutor motivoume e apoioume ao longo de todo o curso



O alumnado, no 95% dos casos, considera que o tutor/a o motivou e apoiou durante o curso; valorando moi positivamente o labor de seguimento e motivación desempeñado por esta figura, que xoga un papel crucial á hora de fomentar o interese e a implicación dos alumnos/as.

Base: 7.248 respostas


Escala de resposta 1 a 5

NS/NC = 265 (3,7%)

Media

4,37

Realizou un uso adecuado das ferramentas complementarias do curso (dinamización de foros, chats, etc.).



No 95% dos casos, os alumnos/as manifestan que o titor/a realizou un uso adecuado das ferramentas complementarias do curso; aproveitando así as potencialidades desta modalidade de ensino, no que se refire ao fomento da participación e interacción.

Base: 7.248 respostas


Escala de resposta 1 a 5

NS/NC = 387 (5,3%)

Media

4,33

Resolveu adecuadamente todas as miñas dúbidas




Os titores/as da EGAP están a **resolver axeitadamente todas as dúbidas que lles formulan**: así o reflicten as valoracións nun **96%** dos casos. O **65%** do alumnado da teleformación declara estar “**moi de acordo**” con esta afirmación.

Base: 7.248 respostas
Escala de resposta 1 a 5
NS/NC = 1.294 (17,9%)

Media

4,46

Respondeu aos meus correos no tempo establecido




No 96% dos casos, o alumnado estima que o titor/a respondeu os seus correos no prazo establecido, e un elevado 69% está “moi de acordo” con esta afirmación. Estes datos veñen constatar que a comunicación entre titores/as e alumnos/as dos cursos en liña é áxil e directa.

Base: 7.248 respostas
Escala de resposta 1 a 5
NS/NC = 1.453 (20,0%)

Media

4,54

Proporcionoume información clara e completa sobre os resultados da miña avaliación



Os alumnos/as consideran, no 96% dos casos, que o titor/a lles proporcionou información clara e completa sobre os resultados da avaliación; cun elevado 67% que declara estar “moi de acordo” con esta afirmación.

Base: 7.248 respostas


Escala de resposta 1 a 5

NS/NC = 316 (4,4%)

Media

4,49

Proporcionoume información e documentación adicional para ampliar os contidos do curso



O titor/a proporcionoulles información e documentación adicional para ampliar os contidos do curso: esta afirmación compártena os alumnos/as nun 96% dos casos.

Base: 7.248 respostas


Escala de resposta 1 a 5

NS/NC = 729 (10,1%)

Media

4,42


Valoración global do titor/a



O 88% das respostas arrojan unha valoración moi favorable do labor acometido polos tutores/as: 6 de cada 10 respostas outórganlle a máxima valoración (5), sendo o 4 a segunda valoración máis recorrente, cun 26% das respostas.

Base: 7.248 respostas
Escala de resposta 1 a 5
NS/NC = 186 (2,6%)

Media
4,43




Base: 7.248 respostas

Escala de resposta 1 a 5

Valoración global do titor/a

As valoracións emitidas por homes e mulleres resultan moi semellantes no relativo ás valoracións xerais do labor tutorial.




Base: 7.248 respostas

Escala de resposta 1 a 5

Mulleres 69,7% Homes 30,3%

O xestor motivoume e apoioume ao longo de todo o curso




Entre os alumnos/as dos cursos en liña, un 97% considera que o xestor/a o motivou e apoiou durante o curso. Rexístrase, así pois, unha valoración moi positiva do labor de dinamización e apoio que levan a cabo os xestores/as das actividades de teleformación da EGAP.

Base: 5.488 enquisas
Escala de resposta 1 a 5
NS/NC = 1.095 (20,0%)

Media

4,44

Resolveu adecuadamente as miñas dúbidas relativas á organización e planificación




Os xestores/as resollen adecuadamente as dúbidas sobre os aspectos organizativos, para o 97% dos alumnos/as dos cursos on line; ao igual que os titores/as resollen satisfactoriamente as dúbidas sobre os contidos do curso.

Base: 5.488 enquisas
Escala de resposta 1 a 5
NS/NC = 1.775 (32,3%)

Media

4,51

Respondeu aos meus correos no tempo establecido




O alumnado está moi satisfeito cos **tempos de resposta** por parte do xestor/a, á hora de atender as súas consultas. Preto de 7 de cada 10 alumnos/as están “moi de acordo” coa afirmación de que os xestores/as responderon aos seus correos no prazo fixado.

Base: 5.488 enquisas
Escala de resposta 1 a 5
NS/NC = 2.025 (36,9%)

Media

4,57

Proporcionoume información clara e completa sobre os avances do meu traballo




O alumnado recibiu unha retroalimentación permanente dos seus progresos: o 97% dos alumnos/as dos cursos en liña considera que o xestor/a lle proporcionou información clara e completa sobre os seus avances.

Base: 5.488 enquisas
Escala de resposta 1 a 5
NS/NC = 1.286 (23,4%)

Media
4,50

Valoración global do xestor/a




Unha ampla maioría do alumnado dos cursos en liña, o 90%, valora positivamente o labor do xestor/a. O 63% outórgalle ademais a puntuación máxima ao persoal que dinamiza os cursos de teleformación.

Base: 5.488 enquisas
Escala de resposta 1 a 5
NS/NC = 1.076 (19,6%)

Media

4,49




Base: 5.488 enquisas

Escala de resposta 1 a 5

Valoración global do xestor/a

As mulleres e os homes valoran de xeito igualmente positivo a tarefa desenvolvida polos xestores/as da teleformación. En ambos os dous casos as valoracións medias acadan o 4,5 sobre 5




Base: 5.488 enquisas

Escala de resposta 1 a 5

Mulleres 69,0% Homes 31,0%

En conxunto estou satisfeito de ter feito este curso




*No cuarto ano trala súa implantación, a autoformación consolídase como alternativa: o 94% dos alumnos/as que accederon aos contidos destas actividades están **satisfeitos**, cun 51% que se declara ademais “moi satisfeito”.*

Base: 432 enquisas
Escala de resposta 1 a 5
NS/NC = 2 (0,5%)

Media

4,23

Valore do 1 a 5 os motivos que o levaron a participar nesta actividade formativa




O principal motivo para participar nas actividades de autoformación é “ampliar os coñecementos sobre a materia, mediante unha aprendizaxe continua, autónoma e flexible” (4,4). A segunda motivación por orde de importancia é a obtención do certificado de equivalencia (4).

Base: 432 enquisas

Escala de resposta 1 a 5


Valoracións medias

Os materiais didácticos dispoñibles na aula virtual axústanse ao título e ao programa da actividade




NS/NC = 0 (0,0%)

Os materiais didácticos están completos, actualizados e son de calidade



NS/NC = 6 (1,4%)


O nivel de profundidade no tratamento dos contidos é axeitado para o desenvolvemento da actividade



NS/NC = 2 (0,5%)


A maioría dos alumnos/as da autoformación está satisfeito cos materiais didácticos e os contidos do curso. Así, respecto da afirmación de que “os materiais didácticos están completos, actualizados e son de calidade”, e que “o nivel de profundidade no tratamento dos contidos foi axeitado”, o 75% declara estar “bastante” ou “moi de acordo”. 8 de cada 10 expresan o mesmo nivel de acordo para a cuestión de que “os materiais didácticos dispoñibles na aula virtual se adecúan ao título e ao programa”.

O proceso de inscrición e matrícula na actividade foi claro e sinxelo




NS/NC = 2 (0,53%)

Os cuestionarios de autocorrección da aula virtual contribúen a asimilar os contidos da actividade



NS/NC = 8 (1,9%)


A formación desenvólvese sen problemas técnicos



NS/NC = 3 (0,7%)


O desenvolvemento das actividades de autoformación, valorado positivamente polo alumnado: un elevado 84% está “bastante” ou “moi de acordo” con que a formación se desenvolveu sen problemas técnicos, e o 76% considera que o sistema de autoavaliación empregado contribuíu a asimilar os contidos. O proceso de inscrición e matrícula nos cursos de autoformación é valorado dun xeito excelente, xa que o 97% considera que foi claro e sinxelo.

Esta actividade mellorou a miña formación




NS/NC = 3 (0,7%)

Os coñecementos adquiridos serán aplicables ao posto de traballo que ocupo na actualidade



NS/NC = 6 (1,4%)

Esta actividade pareceume motivadora e interesante



NS/NC = 2 (0,5%)

A autoformación, unha alternativa que está acadando un gran éxito entre as persoas que accederon a esta modalidade: arredor de 8 de cada 10 están “bastante” ou “moi de acordo” con que o curso mellorou a súa formación, e lle resultou motivador e interesante. O 74% considera que poderá aplicar os coñecementos adquiridos no seu posto de traballo.

	Media	Respostas
Os materiais didácticos axústanse ao título e ao programa	4,25	432
Materiais didácticos completos, actualizados e de calidade	4,01	426
Nivel de profundidade no tratamento dos contidos axeitado	4,06	430
O proceso de inscrición e matrícula na actividade foi claro e sinxelo	4,47	430
Os cuestionarios de autocorrección da aula virtual contribúen a asimilar os contidos da actividade	4,05	424
A formación desenvolveuse sen problemas técnicos	4,34	429
Esta actividade mellorou a miña formación	4,17	429
Os coñecementos adquiridos serán aplicables ao posto de traballo que ocupo na actualidade	4,02	426
Esta actividade resultoume interesante	4,29	430

VALORACIÓNS DO PERSOAL DOCENTE DOS CURSOS




XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA



**ESCOLA GALEGA
DE ADMINISTRACIÓN
PÚBLICA**

Que puntuación global lle daría ao seu labor docente?



Á hora de autoavaliar o seu labor docente no curso e reflexionar sobre o propio desempeño profesional, o 42% cualifícao como “moi bo”, sendo a inmensa maioría os que o valoran positivamente



Base: 537 enquisas
Escala de resposta 1 a 5
NS/NC = 58 (10,8%)

Media

4,36

Que puntuación global lle daría ao seu labor docente?

Docentes e titores/as **valoran positivamente o seu labor**, se ben os titores/as teñen unha percepción algo máis favorable: case 5 de cada 10 consideran “moi bo” o traballo desempeñado (fronte ao 33% dos docentes presenciais).




Base: 537 enquisas

Escala de resposta 1 a 5

NS/NC = 58 (10,8%)

Valore de 1 a 5 cada un dos seguintes aspectos do seu labor como docente deste curso




A “preparación previa dos contidos”, aspecto mellor valorado á hora de avaliar as distintas dimensións do seu labor como docente (4,6 nunha escala do 1 ao 5).

Base: 537 enquisas

Escala de resposta 1 a 5

Valoracións medias

Valore de 1 a 5 cada un dos seguintes aspectos do seu labor como docente deste curso




Docentes da formación presencial e titores/as da formación en liña presentan valoracións moi semellantes para as distintas dimensións do seu labor docente. A “preparación previa dos contidos” é o aspecto mellor valorado para ambos colectivos.

Base: 537 enquisas

Escala de resposta 1 a 5

Valoracións medias

Que puntuación global lle daría ao curso?



O 45% dos docentes valoran a actividade formativa como “moi boa”.


A valoración do curso por parte do persoal docente acadada unha media de 4,4 puntos sobre 5.

Base: 537 enquisas
Escala de resposta 1 a 5
NS/NC = 13 (2,4%)

Media
4,43

Que puntuación global lle daría ao curso?

A porcentaxe de docentes que cualifican o curso como “bo” ou “moi bo” é moi semellante na formación presencial (99%) e en liña (98%); de xeito que non se rexistran diferenzas salientables atendendo á modalidade.




Base: 537 enquisas

Escala de resposta 1 a 5

NS/NC = 13 (2,4%)

Pensa vostede que se cumpriron os obxectivos marcados?



É unha percepción compartida pola totalidade dos docentes que se cumpriron os obxectivos fixados ao comezo do curso: o 80% considera que se cumpriron na súa totalidade, e o restante 20% que se acadaron cando menos parcialmente.


Base: 537 enquisas

Escala de resposta 1 a 5

NS/NC = 33 (6,1%)

Pensa vostede que se cumpriron os obxectivos marcados?

Respecto da consecución dos obxectivos, non se rexistran diferenzas salientables entre a formación presencial e en liña: 8 de cada 10 titores/as dos cursos on line e docentes das actividades presenciais consideran que os obxectivos se cumpriron na súa totalidade.




Base: 537 enquisas

Escala de resposta 1 a 5

NS/NC = 33 (6,1%)

Grao de adecuación dos seguintes aspectos relacionados cos asistentes ao curso




Base: 537 enquisas

Escala de resposta 1 a 5

Valoracións medias

Grao de adecuación dos seguintes aspectos relacionados cos asistentes ao curso



Base: 537 enquisas

Escala de resposta 1 a 5

Valoracións medias

■ Presencial ■ Teleformación

CONCLUSIÓNS



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA



**ESCOLA GALEGA
DE ADMINISTRACIÓN
PÚBLICA**

Satisfacción coa formación...

- O alumnado, altamente **satisfeito** coa formación cursada na EGAP: valoración media de 4,4 e 4,3 para a formación presencial e en liña respectivamente.
- O persoal da Administración local, o máis satisfeito (4,4) entre os distintos colectivos de destinatarios da formación.
- Elevado nivel de satisfacción entre o persoal da Administración autonómica (4,34) e o da Administración de Xustiza (4,32)
- A formación da EGAP, lixeiramente mellor valorada polas **mulleres** (4,37 vs.4,32): 6 de cada 10 danlle ao curso a puntuación máis alta.
- As mellores valoracións, naquela formación **estratéxica** para a mellora da capacitación profesional dos empregados públicos
- Primacía das **motivacións** vinculadas coa mellora da formación e o desempeño profesional, á hora de acceder aos cursos, fronte á obtención de méritos para a promoción interna: “axudar a mellorar a miña formación”(4,6), principal motivo para formarse.
- A formación da EGAP, clave na mellora das **competencias** profesionais, segundo as valoracións dos propios empregados públicos (niveis de acordo superiores ao 80%).

Satisfacción cos docentes...

- *Excelente valoración para o conxunto do persoal **docente**, pilar fundamental da acción formativa da EGAP.*
- *Valoración lixeiramente superior no caso dos titores/as da teleformación (4,43; 4,37).*
- *Docentes e titores/as son quen de **motivar** ao alumnado que accede aos cursos, despertando o seu interese polas materias.*
- *Puntuacións medias entre 4,3 e 4,5 (escala 1-5), na valoración dos distintos parámetros do labor de docencia e titorización .*
- *A claridade á hora de expoñer os contidos, unha cualidade que o alumnado lles atribúe aos docentes da formación **presencial** (4,4).*
- *Óptima capacidade de **resposta** por parte de titores/as dos cursos en liña: a axilidade na resposta, o aspecto mellor valorado para os titores/as da teleformación (4,54)*
- *O alumnado, satisfeito co labor dos titores/as e docentes á hora de resolver as **dúbidas** que se lle formulan durante o curso: puntuacións de 4,5 e 4,4 para a eficacia na resolución das dúbidas .*
- *Os **xestores** da teleformación, valorados moi satisfactoriamente (4,49), consolidan o seu labor de motivación, seguimento, apoio e resolución das dúbidas organizativas.*

Satisfacción cos aspectos organizativos e metodolóxicos...

- *Algunhas das claves do éxito: **contidos** de calidade e metodoloxías formativas adaptadas ás necesidades individuais.*
- *O alumnado, altamente satisfeito coa **organización** dos cursos e a **información** facilitada*
- *A **inscripción e matrícula** telemática, valorada dun xeito excelente pola práctica totalidade do alumnado (o 95% avala esta conclusión).*
- *Prolongar a **duración** do curso no que participou: é a opción proposta por 4 de cada 10 alumnos/as da formación presencial e 2 de cada 10 da teleformación.*
- *Os contidos dos cursos presenciais, considerados os máis **aplicables** ao posto de traballo: 9 de cada 10 manifestan que poderán levalos á práctica.*
- *A **formación en liña** da EGAP, considerada flexible e participativa: 9 de cada 10 alumnos/as consideran que puideron abordar os contidos ao seu ritmo, e interactuar a través da plataforma.*
- *A **autoformación**, no cuarto ano trala súa implantación, consolidada como nova alternativa, para unha aprendizaxe continua, autónoma e flexible.*

TAXAS DE RESPONSA



XUNTA DE GALICIA


VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA



**ESCOLA GALEGA
DE ADMINISTRACIÓN
PÚBLICA**


No ano 2016, recadáronse un total de 7.679 enquisas entre o alumnado das distintas accións formativas da EGAP. Isto supuxo unha taxa de resposta do 67%.

Este volume de resposta confírelle unha validez e fiabilidade óptimas ás valoracións recollidas neste informe.




■ Alumnado que responde á enquisa

■ Alumnado que non responde á enquisa




Das 7.679 enquisas recollidas no 2016, 2.191 corresponden ao alumnado das actividades formativas de carácter presencial, para o que a taxa de resposta acada o 90%.

As 5.488 enquisas restantes proceden do alumnado de teleformación, onde a taxa de resposta é do 66%



Hai que destacar que a taxa de resposta máis elevada se registra no colectivo no que se concentra o maior número de alumnos/as, isto é, os empregados públicos da Administración autónómica. Con 5.518 enquisas, a taxa de resposta entre este persoal acada o 73%. Entre o persoal da Administración de xustiza, responden á enquisa o 71% dos participantes.



Para todos os colectivos aos que se dirixe a formación, as taxas de resposta son máis elevadas na formación presencial: entre o persoal da Administración autónoma e o PAS que asistiu a cursos presenciais, as taxas sitúanse en torno ao 95%.

Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

Correo electrónico: investigacion.egap@xunta.gal

Teléfonos: 981 546 245, 981 546 331

Escola Galega de Administración Pública

Rúa de Madrid, 2-4. 15707 Santiago de Compostela

Páxina web: <http://egap.xunta.gal/calidade>